

Gabarrón atlántico

RONSEL DE SAUDADE

DO 16 DE MARZO AO 14 DE MAIO

EDIFICIO CASTELAO



Gabarrón, pintas y flautas, 7

DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA

MUSEO
PONTEVEDRA

Museo
Cristóbal Gabarrón

The
Gabarrón
30 años
1982-2012

museo.depo.gal

DOSSIER PARA
MEDIOS DE
COMUNICACIÓN

Gabarrón atlántico. Ronsel de saudade

Do 16 de marzo ao
14 de maio

Museo de
Pontevedra, Edificio
Castelao

Comisario: Antón
Castro

A exposición '**Gabarrón atlántico. Ronsel de saudade**' mostra por primeira vez, e dun xeito diacrónico, o vínculo e a influencia de Galicia na obra e na vida de Cristóbal Gabarrón, artista de relevancia internacional que desde fai un cuarto de século pasa longas tempadas e desenvolve unha parte do seu traballo artístico na súa casa-estudio de Bueu, na ría de Pontevedra.

O traballo de Gabarrón, versátil, experimental e con múltiples linguaxes (pintura, escultura, instalación...), céntrase no seu interese polo humanismo, pola vida das persoas en harmonía co contorno natural, escenificando un singular equilibrio entre natureza e cultura, entre ética e estética, cun grande interese en pór de manifesto o desenvolvemento dos valores humanos.

'Gabarrón atlántico. Ronsel de saudade' mostra a influencia en Cristóbal Gabarrón da cultura, da paisaxe, da luz e da orografía da costa atlántica, e tamén da tradición da pedra desde os puntos de vista da etnografía, a antropoloxía e a identidade.

A mostra ofrece tamén a oportunidade de revisar a carreira artística de Gabarrón e o papel que a súa obra xoga na arte española actual. Gabarrón revélase non só como un pintor que cultiva unha beleza clásica, senón tamén como un artista múltiple e experimental, que leva a dimensión conceptual a todas as manifestacións das artes no sentido máis pleno, a partir dunha particular intelixencia visual e dunha disciplina rigorosa.



*E armaremos unha rede de ronseles
pra recobrar as saudades
c'ó seu viaxe feito
pol-os oucéanos d'ó noso corazón.*

De catro a catro. Manuel Antonio

SOBRE CRISTÓBAL GABARRÓN

O pintor e escultor Cristóbal Gabarrón Betegón naceu en Mula (Murcia) o 25 de abril de 1945.

A súa infancia está marcada polo seu traslado a Valladolid, onde adquire a súa primeira formación. As súas viaxes a Francia e Italia ou os seus traballos actuais que realiza entre España e Estados Unidos, xeraron nel unha mentalidade aberta e dialogante.

Lonxe de convencionalismos estéticos, de istmos ou vangardas, nos que dunha maneira ou outra, participou nalgún momento concreto, a súa obra só entende de vida. A súa visión da arte é claramente antropocéntrica: o individuo, a vida, a convivencia e o desenvolvemento dos valores humanos son os piares nos que asenta non só a súa obra artística senón tamén as súas conviccións persoais.

O mural para os Xogos Olímpicos de Barcelona 92 e o mural 'Atopo 92', para a Exposición Universal de Sevilla (1992), o gran proxecto escultórico 'Atlanta Star' (1996), a realización da obra 'Hope for Peace' (1986) como cartel oficial do cume ou a 'Capilla del Milenio' (2000-2001), supoñen un importante fito na súa traxectoria profesional, á vez que inician unha frutífera etapa creativa, que aínda hoxe día mantén, marcada pola colaboración con organismos internacionais como o IOC ou Nacións Unidas.



Cerámica metafísica XX

Esta mesma escultura pública ocupou un lugar destacado durante o comezo do século XXI coa realización das series escultóricas 'Homenaje al Quijote' (2005), 'Los Silencios de Colón' (2006) ou 'Las Torres de la Alhambra' (2008), homenaxe á convivencia pacífica das culturas xudía, árabe e cristiá. Todas elas foron expostas nas máis céntricas rúas e prazas de numerosas cidades europeas e americanas, como Miami, Nova York, Madrid, Gdansk, Lisboa, Saint Paul de Vence, Valladolid, Murcia, A Coruña, Santiago de Compostela ou Valencia. De igual modo as localidades de Boecillo, Arroyo de la Encomienda e Madrid incorporaron nas súas rúas, de forma permanente, grandes esculturas públicas saídas das súas mans.

A xa mencionada experimentación levoulle a investigar coa fibra de vidro e o metal como soporte das súas creacións en series pictóricas como 'Circular' (2009), 'Paisaxes Interiores' (2009) ou 'Rectangular' (2010), que mostran un persoal e maduro mundo interior plasmado sobre as rugosas e insinuantes superficies plásticas do soporte. Este mesmo material convive igualmente nunha abrupta pero ao mesmo tempo suave ruptura co aceiro, combinando frialdade e vida, como o demostra a serie escultórica 'Empalados' (2010).

A súa obra foi centro de análise dentro de retrospectivas como as dedicadas polo Chelsea Art Museum, o IVAM ou o Centro Niemeyer, do mesmo xeito que eixo dun congreso internacional organizado pola Fundación Casa Pintada e a Universidad de Murcia no 2006.

Desde 1992 propiciou a progresiva creación de tres fundacións, en Valladolid, Nova York e Murcia, onde o seu desexo principal é devolver á sociedade, por medio da realización de actividades artísticas e culturais, creando conciencia a través das artes.



Cerámica metafísica V

CATÁLOGO DA EXPOSICIÓN

Con motivo da exposición, o Museo de Pontevedra editará unha publicación monográfica con textos de Aberto Barciela, Pilar Corredoira e Ramón Rozas.

Extractos do catálogo

Desde hai máis de medio século, Cristóbal Gabarrón desenvolveu o seu proxecto artístico –*mutatis mutandis*– no marco das súas propias conviccións para interpretar o mundo no que vive e faio cunha peculiar conciencia do *outsider* que escudriña a vida desde posicións persoais ou diferentes e máis aló da conxunturalidade dos paradigmas que definen os períodos curtos dun círculo que se move á velocidade da simbólica luz que se dilúe nun tempo inaprensible. Conciencia que prolonga a súa consideración da arte como unha linguaxe terapéutica, produto da soidade e da reflexión, que permitirá “facer mellor ao ser humano e dignificalo, facelo sentir máis libre e axudalo espiritualmente”.

E é na honestidade, o traballo e a investigación onde vai nacer e a consolidarse o artista plural e múltiple, o que atravesa o universo lingüístico que dilúe os xéneros nun todo, sometendo o seu proxecto a unha metodoloxía sistémica de significados ou contidos -cos que visualiza a súa percepción da vida, asumindo un neohumanismo que ten ao individuo como centro- e significantes formais, onde se cruzan as súas renovadas procuras técnicas e de



Ámbar 3

estilo. Por iso non se constrinxe á definición que nos legou a modernidade na súa mirada unívoca, aquela que adoita encorsetar ao artista visual nun só xénero: na súa multiplicidade asume a conciencia do pintor ou do escultor e o debuxante ou gravador, a do ceramista e a do escenógrafo que fabula instalacións nos espazos que diseña coa mirada do arquitecto de cartabón e en tantos soportes como poidan xurdir da súa imaxinación e das súas necesidades.

'Gabarrón atlántico. Ronsel de saudade'
Antón Castro

O futuro depende da creación, tanto como o presente ou o pasado. A auga e o vento continuarán modelando a terra e as pedras e con elas a paisaxe de forma caprichosa, para acomodar obras tan fermosas como as de Cristóbal Gabarrón.

Todo acto creativo supón un fluxo e un refluxo, someter luces e sombras, superar a crise das formas e resumir nun instante de inspiración a inspiración de séculos de creación infinita. O instante capturado converteuse en eternidade.

Ata as beiras de Beluso, en Bueu, chegan ondas cos restos do naufraxio, das culturas milenarias, das vangardas. O artista de Mula navega, reflexiona, esboza, atopa as tonalidades nunca antes imaxinadas e crea unha natureza enmarcable que crecerá nun cosmos único, nun mar de tempo sideral. Cristóbal é un descubridor que creou un estilo oceánico e plural, non delimitado en beiras, inmenso na súa frutificación, aéreo e acuático, terreal e inmortal: o gabarronismo.

'Cristóbal Gabarrón, ensaio atlántico'
Alberto Barciela


Cristóbal Gabarrón desenvolve desde fai mais de cinco décadas unha obra de forte vontade integradora na que

permanece unha mensaxe plena de elementos simbólicos presentes na pintura, o debuxo, a escenografía, especialmente visibles na escultura que alcanza no espazo público a súa máxima natureza.

Nese aspecto, compróbase como o seu traballo imprégñase de referencias que dan precisión á súa linguaxe, capaces de interactuar entre elas, en busca da unidade coherente, de alcanzar unhas metas onde o obxectivo principal é a concienciación ao redor dos valores perdurables do Humanismo. O escultor sitúa en primeiro termo esa estimación, percibida tempranamente por Pierre Restany quen definiu a Gabarrón como "un gran humanista da cor"; así é, pois a cor forma parte esencial da vida da súa obra calidade manifestada nos comezos da súa carreira cando o labor exhibido nos iniciais anos sesenta en Valladolid revelaba ese significado en fondos e figuras.

En diante, o autor excederá os límites do lenzo para explorar outros universos; son por tanto, humanismo e cor, compoñentes primordiais na maior parte das súas accións creativas que veremos prolongadas ata a actualidade.

En canto ao exhaustivo exercicio escultórico, o artista percorreu un longo camiño no que as actuacións abordan, en gran medida, os escenarios públicos: prazas, xardíns, rúas e avenidas. En todo momento as obras mostran o poder de comunicación, o establecemento de diálogos axustados a cada situación, a capacidade de adaptación á contorna.



Altar II

'A escultura integradora de Cristóbal Gabarrón'
Pilar Corredoira

Sempre me interesou a escultura, o “universo do volume” prestando especial atención a dous piares básicos: Non sei cal é o primeiro. Un desde o punto de vista da natureza, do urbanismo ou da arquitectura, na medida en que eu podía crear, non só unha escultura, senón tamén un diálogo moi particular a través da obra, coa contorna, sen interferencias, nin golpes duros que desen lugar a un pastiche. A base é que ese diálogo chegase a motivar e provocar a interacción, xa non coa contorna, senón tamén con quen a visita ou a habita e que se puidese vivir a escultura, tocala, reflexionar sobre o que para cada un fose o esencial nela.

O outro aspecto que sempre me interesou moitísimo é o de considerar a escultura, a parte volumétrica desa creación, como soporte para a policromía e xogar cun mundo cheo de formas e tons de completa planitude, que danzan e se esconden pola estrutura arquitectónica de cada peza, rompendo ou alterando os seus planos con relatos sobre o home e vida que se potencian e adquiren sentido pleno sumados á simboloxía da cor. A interacción da luz ou a súa ausencia, o xogo cos efectos e os propios cambios que produce sobre as facetas e as cores da obra é outro elemento máxico para min, desde o principio dos tempos. ver coa novela e non coa poesía. Moi poucos nun futuro necesitarán da reprodución en papel, na miña opinión.

Extracto da conversación
con Antón Castro
Cristóbal Gabarrón

